

colección catavento



# guía

DE LECTURA > 15


TAMBRE

colección catavento 

Sari, soñador  
de mares

Marcos S. Calveiro

TAMBRE





Título **Sari, soñador de mares** / Autor **Marcos Calveiro** / Catavento, 15 / **+12 anos** / 88 páxinas

## O autor

**Marcos Calveiro** (Vilagarcía de Arousa, 1968) reside en Vigo dende mozo. Nesa cidade exerceu máis dunha década de avogado, profesión que aparcou hai uns anos para dedicarse fundamentalmente a escribir. Se cadra o seu interese por contar historias rodeadas sempre dunha compoñente fantástica lle vén dos seus avós, feirantes e taberneiros.

Obras súas obtiveron prestixiosos galardóns de literatura infantil e xuvenil como o Ala Delta, o Merlín, o Lazarillo, o Raiña Lupa ou o Barco de Vapor, mais tamén outros como o premio de poesía Concello de Carral, o Repsol de Narrativa Breve ou o premio da Crítica de Galicia.

En Tambre publicou tamén a novela xuvenil *Rinocerontes e quimeras* (CAT 20) e os libros infantís *O carteiro de Bagdad* (ALA DELTA VERDE 21, Premio Ala Delta 2007; White Raven 2008) e *Raro* (ALA DELTA VERMELLA 21).

## Argumento

Sari é un neno a quen a súa nai pon ao servizo do mariñeiro Simbad, para que lle faga os seus mandados. O neno vive con paixón todo o relacionado co mariño, por quen comeza a sentir moi axiña unha gran fascinación. Mais un día Simbad marcha sen avisar. O tempo pasa e o mariño non regresa, e Sari queda contristado lembrando como se coñeceron, o primeiro día que estivo ao seu servizo, as cousas que aprendeu del e os relatos que aquel lle facía das súas aventuras. Axiña que remata o monzón, Sari decide ir na súa procura. A bordo da súa dorna, a *Preciosa*, converterase el agora no mariño que experimenta a soidade no mar e pasará penalidades ata chegar, finalmente, ás illas Cotovías, que antes pensaba inalcanzables, onde dará co mariño, que desaparecerá rindo sen perder o seu atractivo misterioso e fantástico.

Neste libro faise fincapé nas relacións humanas. Grazas aos seus personaxes principais, Simbad e Sari, coñecemos a relación entre un adulto aventureiro e un neno sen interese por nada, relación gobernada finalmente pola admiración do rapaz polo que considerará o seu mestre. O autor aproveita para isto o personaxe marabilloso de Simbad o Mariño, vinculado á literatura fantástica dende a súa inclusión n'*As mil e unha noites*.

## Obxectivo

Esta guía pretende aumentar o interese dos lectores pola literatura, que saiban que existen obras imprescindibles da literatura universal e que moitas delas aínda seguen vixentes e son actualizadas por diferentes autores, aproveitando o seu carácter máxico para presentar temas adaptados á idade de quen le. Ao tempo, a guía tamén persegue achegarlle ao lector os elementos que forman unha novela, contribuír a desenvolver o seu espírito

crítico e o interese por diferentes culturas e seguir afianzando un proceso lector que comezou na educación infantil.

Os obradoiros están elaborados co propósito de profundar na lectura e fomentar a creatividade do lectorado. Algúns están claramente vinculados a determinadas áreas de coñecemento, outros non tanto; mais todos pretenden ser útiles para desenvolver diferentes habilidades e procedementos para a formación integral, intelectual e humana dos máis novos.

## Temas

- A relación entre *Sari, soñador de mares, Simbad o Mariño e As mil e unha noites*.
- O **mundo dos mariñeiros e a navegación**. As diferenzas existentes entre os mariñeiros do lugar e Simbad, que se basean no carácter realista dos primeiros, á procura de peixe, e o fantástico do segundo, á procura de tesouros.
- A **cultura árabe e o comercio das especias** (séculos XII a XV).
- A **amizade pouco habitual** entre un neno e un personaxe como Simbad, similar a unha relación neno-avó actual.
- A **amizade pouco habitual** entre un neno e un personaxe como Simbad, similar a unha relación neno-avó actual.
- O **desexo de liberdade** como valor inherente á natureza humana.
- A **procura da beleza e da lucidez** como un acto necesario e instintivo dos individuos.
- O **traballo infantil** e o papel dos nenos nas sociedades antigas.
- **Importancia da fantasía** na vida práctica.
- A **procura do coñecemento** e a súa relevancia para o progreso e o benestar individual.

## Contexto e xénero literario

*Sari, soñador de mares* é unha novela de ficción que dende unha perspectiva tipolóxica se definiría como fantástica. Malia ter forma de novela, a súa relación con *As mil e unha noites* resulta inevitable, tanto polo emprego dun personaxe como Simbad coma pola inclusión de pequenas historias, como a da lura xigante, dentro da historia principal.

A obra, publicada en 2005, supuxo a estrea literaria de Marcos Calveiro e foi acollida con entusiasmo pola crítica e os lectores. Nela, o autor sorprende cun estilo coidadoso que destilaba un elevado dominio da lingua e a vontade de establecer un diálogo non só cos relatos clásicos da tradición oriental, senón tamén e, sobre todo, coa tradición literaria galega, pois a novela bebe da obra de Álvaro Cunqueiro *Se o vello Sinbad volvese ás illas*, da que retoma o personaxe de Sari para contar dende o seu punto de vista a relación co mariño.



## I Obradoiro de literatura

### ► Obxectivo:

Unha novela chega até o lector despois dun proceso creativo no que o autor foi pensando e insertando unha serie de elementos que cumpren unha función determinada dentro do conxunto. Estes compoñentes son pensados coidadosamente por quen escribe, e o obxectivo desta guía é axudar a identificalos e a valorar a súa función.

### ► Actividades previas á lectura:

**1. TÍTULO.** É o encargado de darlle nome a unha novela e de atraer un lector, segundo a súa capacidade de suxestión. Un título interesante e atractivo pode converterse nun reclamo importante para que unha obra gañe lectores. Ás veces anticipa datos do contido; outras, averiguamos o seu significado ao fío da lectura.

- Que é o que suxire o título?
- Quen pode ser Sari? Como será un «soñador de mares»?
- Se pensas en Sari como un soñador de mares, en que tempo e lugar o localizarías?

### ► Actividades posteriores á lectura:

#### 1. O TÍTULO

- Definirías ti tamén a Sari como un soñador de mares?
- Cres que o título se corresponde co que o autor narra na novela? Xustifica a túa resposta nun debate na aula.
- Se tiveses que pensar un título para esta novela, cal escollerías?
- Todos os capítulos da novela teñen cadanseu título. Coidas que gardan relación con cada capítulo ou foron escollidos ao chou? Por que?

**2. OS TEMAS.** Son o motivo principal tratado na novela. Todo aquilo que o autor nos quere facer chegar axudándose da

historia e dos personaxes. Unha novela pode abranguer varios temas e a súa importancia ser diferente.

- Cales son para ti os temas principais desta novela?
- En que partes do texto identificaches eses temas?
- No comezo desta guía, así como na páxina dos créditos da novela, noméanse unha serie de temas. Coinciden cos que ti identificaches? Explica por que.
- Leras algún libro que tratase un ou varios destes temas? Cal? Que temas trataba?

**3. OS PERSONAXES.** Os personaxes son as persoas, animais ou seres arredor dos cales se desenvolve a novela, participan na acción e fan que esta avance. Segundo a súa importancia e participación, na historia distinguimos varios tipos de personaxes: o protagonista ou protagonistas e os personaxes secundarios; e segundo a intensidade da súa caracterización, personaxes redondos —máis elaborados, deseñados dende unha perspectiva máis fonda que penetra na súa psicoloxía— e personaxes planos, deseñados como un personaxe tipo que non achega máis datos ca os evidentes.

- Na novela hai algún personaxe que consideres máis importante ca os outros? Cal ou cales?
- Nunha novela pode haber tamén un antagonista ou personaxe enfrontado ao principal nos seus intereses, con comportamentos e valores contrarios. Pensas que poderíamos clasificar algún dos personaxes da novela como antagonista?
- Agora pensa en Simbad e en Sari. Son personaxes redondos ou planos? Por que?
- Completa unha táboa asignándolle as características que lle correspondan (protagonista, antagonista, personaxe redondo, personaxe secundario, personaxes planos) a estas figuras: Simbad, Sari, Fátima, mariñeiros, libreiro, xastre, Yasir, Absul, Sidi, Rajiv.

	Simbad	Fátima	Sari	Mariñeiros	Libreiro
Protagonista					
Antagonista					
Personaxe redondo					
Personaxe					
Personaxe secundario					



**4. O NARRADOR.** O narrador é a persoa ou ser ficticio encargado de contar unha obra narrativa. Non se debe confundir co autor, pois narrador e autor non adoitan coincidir. A historia pódese narrar dende diferentes perspectivas que caracterizan os distintos narradores.

- **Narrador en terceira persoa:** 1) Omnisciente: Coñece todo sobre os feitos narrados e sobre os seus personaxes, mesmo sobre os sentimentos e pensamentos destes. 2) Observador: Só coñece o que ve.
- **Narrador en primeira persoa:** 1) Narrador protagonista: O narrador é quen protagoniza a novela. 2) Narrador secundario: O narrador é alguén que asistiu ao narrado. Foi testemuña directa dos feitos.

a. Que tipo de narrador emprega Marcos Calveiro en *Sari, soñador de mares*?

b. Confírelle credibilidade á historia o punto de vista elixido? Que gañaría a novela se o punto de vista fose o dun narrador en primeira persoa?

**5. DESCRICIÓN E DIÁLOGO.** Unha novela non só emprega o discurso narrativo senón que precisa doutros tipos de discurso nos que apoiarse e que a enriquezan. Os máis habituais son a descrición e o diálogo. As descrições achegan información sobre o lugar e tempo da historia e mais sobre os personaxes. Os diálogos reproducen conversas entre os personaxes da historia.

a. Procura algunha descrición de Simbad na novela. Cres que sobra ou falta algo? Xustifica a túa resposta.

b. Procura tamén a descrición dalgún lugar. Achas diferenzas na maneira de describilo respecto á descrición de persoas?

c. Pensa nun personaxe dalgunha novela que leras e descríbeo.

d. Atopa algún dos diálogos entre Sari e Simbad na novela.

**6. ESPAZO E TEMPO.** O espazo é o lugar onde se desenvolve a acción, o escenario polo que se moven os personaxes. Este espazo pode ser rural, urbano, real ou ficticio. Ao tempo que serve para darlle un contexto espacial á historia, tamén pode dar datos sobre o tempo da historia, en que momento histórico transcorre, e se é real ou non, aínda que o tempo tamén se analiza segundo o decorrer dos acontecementos, se estes se presentan linealmente ou se pola contra hai saltos, cara adiante ou cara atrás, no tempo.

a. Na novela hai multitude de espazos. Cales son para ti os fundamentais? Por que?

b. Como son eses espazos, reais ou ficticios?

c. Os saltos no tempo son un recurso moi empregado nesta novela. Observaches algún? Cal?

**7. ESTRUTURA DA NOVELA.** O xeito de estruturar unha novela e presentarlle ao lector é importante para a súa comprensión e mais para captar a atención de quen le. Nas novelas pódese falar de estrutura externa e interna. A primeira fai referencia a como se presenta dividida a novela (capítulos, partes), e a segunda á estruturación da historia (presentación-desenvolvemento-desenlace).

a. De que maneira organizou externamente o autor a novela?

b. Repara na estrutura interna de *Sari, soñador de mares*. Correspóndese coa tradicional estrutura tripartita? Xustifica a túa resposta.

## II Obradoiro de escritura

### ► Obxectivo:

Utilizar a obra como motivación para fomentar a escritura creativa mediante diversas técnicas de comunicación escrita.

A lectura de obras literarias supón ao mesmo tempo un modelo e un estímulo para favorecer a creatividade. Neste obradoiro planteamos unhas actividades que usan a novela analizada como motivación para fomentar a escritura creativa mediante diversas técnicas de comunicación escrita.

### ► Actividades:

a. Na novela, Simbad desaparece un día sen avisar. Redacta unha nova para un xornal sobre este feito. Non esquezas as partes fundamentais dunha noticia: título, entrada e corpo da información.

b. Sari devecía por escoitar historias contadas por Simbad. Inventa ti unha desas historias estruturándoa nas tres partes tradicionais: presentación-desenvolvemento-desenlace.

c. De seguro que Sari tivo moito tempo para pensar a bordo da *Preciosa*. Escribe un texto en primeira persoa que reproduza os seus pensamentos e a soidade na dorna.

d. Imaxina que es un navegante que percorre os mares na procura de tesouros. Como bo navegante, terás o teu diario de navegación. Procura información sobre este tipo de diarios e redacta con ese xeito un día da túa vida no mar.



## III Obradoiro de historia da literatura

### ► Obxectivo:

Estimular o interese do alumnado por obras literarias doutros lugares e épocas, co obxecto de que recoñezan a súa importancia no momento e a súa vixencia na actualidade.

### ► Actividades:

- a. O autor recupera o personaxe de Sari, paxe de Simbad, dunha coñecida novela de Álvaro Cunqueiro e concédelle unha segunda vida literaria e, sobre todo, o protagonismo que non tiña naquela. Documentate sobre esa obra de Cunqueiro e enumera e razoa as diferenzas que ao teu xuízo se establecen entre unha e outra obra narrativa.
- b. Investiga que nome real se agacha tras o pseudónimo Al Faris Ibn laquim al Galizí (autor da cita da páxina 7) e que significa ese alias.
- c. Entre Simbad e Sari axiña se establece unha relación do tipo mestre-discípulo. Tenta lembrar unha relación similar que atopases nun libro anterior, describe como era a personalidade de cada un dos personaxes, como se estableceu a relación e que lles deparou a cada un deles.
- d. Sherezade, Simbad ou Aladino son personaxes d'*As mil e unha noites*. Facede grupos e investigade sobre a obra e sobre eses personaxes. Despois, apuntade os vosos achádegos e poñédeos en común.
- e. Procurade e nomeade exemplos da influencia d'*As mil e unha noites* e a cultura árabe na literatura posterior.
- f. Finalmente, reflexionade sobre a importancia que pode chegar a ter unha obra literaria na historia. Por que algunhas acadan gran importancia e outras non?

## IV Obradoiro de xeografía e historia

### ► Obxectivo:

Desenvolver a capacidade de investigación do alumnado e promover a consulta de diversas fontes: enciclopedias, libros de historia, Internet, prensa, etc.

### ► Actividades:

- a. Simbad asegúralles aos mariñeiros do porto que el estivo nas illas Cotovías, das que todos escoitaron falar pero ninguén puido ver, e de cuxa existencia dubidan. Onde cres que poderían situarse as illas Cotovías?

- b. Aínda que era natural de Bagdad, Simbad o Mariño estableceuse nunha cidade portuaria da actual Iraq, dende onde emprendeu as súas viaxes. Investiga cal era esa poboación e que importancia tivo na navegación comercial entre os séculos IX e XIII, e busca tamén cal é a súa situación actual e por que motivo está así.

## V Obradoiro de cultura árabe

### ► Obxectivo:

Recoñecer a mesquita como un elemento importante para as persoas que profesan a relixión musulmá, así como as principais embarcacións de orixe árabe e outros barcos típicos orientais.

### ► Actividades:

- a. Na lectura aparecen en varias ocasións as mesquitas, que semellan ser un espazo importante para os habitantes do lugar. Procurade información sobre as mesquitas e nomeade as principais mesquitas do mundo.
- b. Localiza as partes da mesquita que se nomean na novela. Imprime unha imaxe dalgunha das mesquitas enumeradas na actividade anterior, identifica nela as súas partes e despois apunta cada nome no seu lugar.
- c. Marcos Calveiro recrea, como fixo Cunqueiro, aquela época e tráela a un espazo atemporal e imaxinario. A *Preciosa*, que na novela é unha dorna, podería estar inspirada nos dhows árabes. Busca información dese tipo de embarcación tradicional e anota diferenzas e semellanzas coas dornas galegas.
- d. No capítulo titulado «Sombras chinesas», Simbad ofrécelles aos colegas do gremio de mareantes un espectáculo desa arte milenaria de debuxar nas tebras. Sobre unha tea branca fai desfilar distintas embarcacións orientais: «koleks malaíos, paraos indonesios, sambucos indios, xuncos chineses, catamaráns de Madrás e ulaks bengalís». Buscar información sobre elas, citar algúns trazos que as diferencian e facer un bosquejo a lapis de cada unha.

## VI Obradoiro de matemáticas

### ► Obxectivo:

Coñecer a orixe do noso sistema numérico e o funcionamento dun ábaco.

### ► Actividades:

- a. Sabías que o noso sistema de numeración xurdiu na India e chegou a nós grazas aos pobos árabes do norte



# Obradoiros

de África? Procura información sobre este feito e escribe un texto onde o expliques.

- b. Un ábaco é un taboleiro que sostén varios arames paralelos e que é empregado para realizar cálculos aritméticos. Na rede podedes atopar información sobre a súa orixe e mesmo sobre como construír un. En grupos, realizade o voso propio ábaco e comprobade a súa eficacia para efectuar operacións matemáticas.

## VII Obradoiro de antroploxía

### ► Obxectivo:

Reparar nas crenzas á hora de tratar os problemas inexplicables e na diferenza á hora de abordalos segundo a época.

### ► Actividades:

- a. Na novela, os mariñeiros están preocupados porque desapareceu o peixe do mar. Simbad acode na súa axuda e consegue resolver o problema escorrentando unha lura xigante cunha enorme cantidade de pementa. Na actualidade segue a haber mariñeiros. Cales son as semellanzas e as diferenzas cos da novela?
- b. Como pensas que actuarían os mariñeiros do noso tempo se desaparecese o peixe?
- c. Nunha cidade costeira da Península o mar quedou sen peixe e ti vas facer unha investigación para unha prestixiosa revista ecolóxica. Escribe un artigo onde expoñas cales son as causas e as consecuencias que podería ter para a poboación ese fenómeno.

## VIII Obradoiro de intercambio de ideas

### ► Obxectivo:

O obxectivo deste taller coincide plenamente cos da área de Ética ou coas titorías. Trátase de fomentar as actitudes de respecto, tolerancia, diálogo e asunción dos problemas.

### ► Actividades:

Realizar un debate sobre o seguinte tema:

- O traballo infantil. Cambiaron as cousas con respecto á función laboral dos nenos nas sociedades antigas? Paréceche necesario que as leis protexan os nenos da explotación laboral? Os menores están amparados polas leis de igual maneira en todos os países? Os nenos que traballan están en disposición de recibir unha educación normal? Por outra parte, a función de criado que Sari fai para Simbad pode ser

considerada traballo ou explotación? Sari é un aprendiz ou un traballador cualificado? Simbad, como é precepto dos empregadores en lugares desfavorecidos, fai todo o posible por facer a Sari invisible e exerce un control absoluto sobre el?

Para a preparación do debate, propónse o seguinte esquema:

- a. Preparación: Seleccionar un moderador e dous grupos de cinco alumnos cada un, que defenderán ideas enfrontadas.
- b. Desenvolvemento: Un grupo defenderá os intereses privados das compañías cazatesouros e outro o interese público que considera os barcos afundidos, como patrimonio histórico susceptible de ser protexidos polo Estado español. Cada grupo dispón de 20 minutos para expoñer ideas e 10 minutos para responder as cuestións que formulen os compañeiros de clase que estiveron escoitando. Finalmente o moderador disporá de 5 minutos para ler as conclusións.
- c. Normas do debate: É moi importante escoitar as opinións dos demais con atención e paciencia, non se pode interromper nin falar de forma exaltada ou insultante; debe gardarse a quenda de palabra con rigor. Os participantes deben fundamentar o que din con datos sacados da prensa, enciclopedias, do libro ou de Internet. Hai que evitar falar por falar.

## IX Obradoiro de expresión artística: teatro, pintura, audiovisuais

### ► Obxectivo:

Fomentar a creatividade do alumnado. Desenvolver a planificación e o traballo rigoroso.

### ► Actividades:

- a. Converter un capítulo da novela nunha representación teatral para escenificar na aula ou inventar unha nova situación con eses mesmos protagonistas.
- b. Se se dispón dunha cámara de vídeo, gravar a representación, para que quede como recordo dun traballo de creación artística e literaria feito en equipo. Tamén se pode gravar a entrevista a un personaxe e máis ao autor.
- c. Facer unha nova interpretación da cuberta do libro. Empregar os materiais que o profesor considere máis axeitados.
- d. Elaborar unha *fotopresentación* do libro. Buscar un lugar onde colocar o libro ou acompañalo dalgún elemento, co propósito de facer unha fotografía que ofrezca unha visión persoal da obra.
- e. Gravar un *booktrailer* que sirva de presentación da novela. A finalidade e o formato, audiovisual, serán semellantes aos anuncios das películas.